



**Proceso selectivo para o ingreso como persoal
laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos
Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre**

Categoría: Técnico/a de Son

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o artigo 14 da Constitución Española de 1978:

- a) Os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Os residentes en España son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, estado civil ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2.- O artigo 17.4 da Constitución Española de 1978 establece que a lei regulará un procedemento de "habeas corpus" para:

- a) Determinar o prazo máximo de duración da prisión provisional.
- b) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida legalmente.
- c) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente.
- d) Informar ao detido de forma inmediata e de xeito que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención.

3.- Segundo o artigo 20.5 da Constitución Española de 1978, só se poderá acordar o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios en virtude de:

- a) Resolución xudicial.
- b) Lei.
- c) Motivos de orde público.
- d) Autorización parlamentaria.

4.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, NON constitúe unha competencia exclusiva da comunidade autónoma a seguinte materia:

- a) Organización das súas institucións de autogoberno.
- b) A artesanía.
- c) Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións de Dereito civil galego.
- d) Salvamento marítimo.

5.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de:

- a) A promoción e a ensinanza de todas as linguas oficiais do Estado.
- b) A promoción e a ensinanza da lingua galega.
- c) A pesca nas rías e augas exteriores.
- d) Portos, aeroportos e heliportos cualificados de interese xeral polo Estado.

6.- No artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, establécese que no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución:

- a) Sobre produtos farmacéuticos.
- b) Dos valores culturais do pobo galego.
- c) Sobre propiedade industrial e intelectual.
- d) Do réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

7.- Segundo o artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, defínese como:

- a) Abuso sexual.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Abuso por razón de sexo.

8.- Segundo o artigo 14 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, nos nomeamentos de altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das persoas titulares e membros de órganos de entidades integrantes do sector público autonómico atenderase ao principio de:

- a) Presenza equilibrada.
- b) Presenza proporcional.
- c) Presenza moderada.
- d) Presenza por cotas.

9.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, relativo ao uso non sexista da linguaxe, a visibilización do feminino terá en conta, cando proceda, a situación particular das mulleres afectadas por:

- a) Discriminación múltiple ou intersectorial.
- b) Discriminación sexista polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación sexista por asociación.
- d) Discriminación sexista por maternidade.

10.- Segundo o artigo 1.1 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, esta lei ten por obxecto:

- a) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, autonómico, local e provincial. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- c) Regular a prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma pero non a comunicación audiovisual de ámbito estatal.
- d) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, así como establecer determinadas normas aplicables á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.

11.- Segundo o artigo 8 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual:

- a) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- b) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- c) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e de forma subsidiaria o coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas.
- d) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, do idioma inglés e tamén das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.

12.- Segundo o artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a aprobación e as modificacións dos estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia correspóndelle:

- a) Ao consello de administración, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á xunta xeral da sociedade, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Á dirección xeral, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- d) Ao comité de dirección, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.

13.- Segundo o artigo 35 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a duración do mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de:

- a) Catro anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
- b) Catro anos, contados desde o seu nomeamento, e non ten carácter renovable.
- c) Cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
- d) Cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e non ten carácter renovable.

14.- Segundo o artigo 48 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é aprobado:

- a) Polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Pola dirección xeral.
- c) Polo consello de administración.
- d) Polo Parlamento de Galicia.

15.- Segundo o artigo 49 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o contrato plurianual de xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia subscribirase por un período de:

- a) 3 anos.
- b) 4 anos.
- c) 5 anos.
- d) 6 anos.

16.- Segundo o artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a indemnización por extinción do contrato de traballo por causas obxectivas é de:

- a) Vinte días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de seis mensualidades.
- b) Vinte días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades.
- c) Trinta e tres días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades.
- d) Doce días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de seis mensualidades.

17.- Segundo o artigo 66 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal é o número de membros do comité de empresa dun centro de traballo con duascenas persoas traballadoras?:

- a) 5
- b) 7
- c) 9
- d) 13

18.- Segundo o artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración do mandato dos delegados de persoal e dos membros do comité de empresa é de:

- a) 2 anos.
- b) 3 anos.
- c) 4 anos.
- d) 5 anos.

19.- Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes NON é un principio da acción preventiva?:

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- b) Combater os riscos na súa orixe.
- c) Ter en conta a evolución da técnica.
- d) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.

20.- Segundo o artigo 28 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, nas relacións de traballo a través de Empresas de Traballo Temporal, quen é a empresa responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?

- a) A empresa usuaria.
- b) A empresa de traballo temporal.
- c) O Comité de Empresa da empresa de traballo temporal.
- d) O Comité de Empresa da empresa usuaria.

21.- Segundo o artigo 11 do Convenio Colectivo da CSAG, cal das seguintes NON é unha función da comisión paritaria de vixilancia e interpretación do convenio colectivo?:

- a) Negociar novos artigos do convenio colectivo que non estean previstos no texto vixente.
- b) Interpretar o convenio, co fin de resolver as consultas que ás partes lle formule o Comité de empresa, a Dirección ou calquera persoa traballadora.
- c) Vixiar a aplicación do convenio colectivo.
- d) Mediar nos conflitos individuais ou colectivos entre as partes cando o pida calquera dos/as interesados/as no conflito en materias propias da comisión paritaria.

22.- Segundo o artigo 38 do Convenio Colectivo da CSAG, cantas horas de descanso ininterrompidas deberán transcorrer entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte?:

- a) 8
- b) 9
- c) 10
- d) 12

23.- Segundo o artigo 66 do Convenio Colectivo da CSAG, o complemento de quebra de moeda retribúe:

- a) Ao persoal que preste os seus servizos no departamento económico e de contabilidade.
- b) Ao persoal que pola súa función manexe habitualmente fondos en metálico da CSAG.
- c) Ao persoal que pola súa función traballe en festivos e/ou en días de libranza.
- d) Ao persoal que pola súa función conduza vehículos da empresa.

24.- Segundo o artigo 95 do Convenio Colectivo da CSAG, referente ao réxime disciplinario, as faltas graves cometidas polas persoas traballadoras prescriben aos:

- a) 20 días hábiles.
- b) 20 días naturais.
- c) 30 días naturais.
- d) 30 días hábiles.

25.- De que parámetros depende a lonxitude de onda sonora?

- a) Da frecuencia e da velocidade do son no medio que se transmite.
- b) Da distancia entre o val e o pico da onda.
- c) Do nivel de presión sonora que alcanza a onda.
- d) Da amplitude e a frecuencia da onda.

26.- A unidade utilizada para expresar o nivel da presión sonora é:

- a) O hercio.
- b) O watio.
- c) O pascal RMS.
- d) O decibelio SPL.

27.- Dous altosfalantes de $8\ \Omega$ conectados en paralelo presentan unha impedancia total de:

- a) $16\ \Omega$
- b) $8\ \Omega$
- c) $6\ \Omega$
- d) $4\ \Omega$

28.- Segundo o teorema de Nyquist-Shannon, para reconstruír correctamente un sinal analóxico sen perda de información, a frecuencia de mostraxe debe ser como mínimo:

- a) A metade da frecuencia máxima do sinal.
- b) Igual á frecuencia máxima do sinal.
- c) O dobre da frecuencia máxima do sinal.
- d) Catro veces a frecuencia máxima do sinal.

29.- A *aliasing* aparece cando:

- a) A profundidade de bits é insuficiente.
- b) A frecuencia de mostraxe é demasiado baixa.
- c) Hai exceso de compresión.
- d) Existe clipping.

30.- Que representan as curvas isofónicas?

- a) A sensibilidade do oído a distintas frecuencias ao longo do rango de presión auditiva.
- b) A resposta en frecuencia dun micrófono nun rango de frecuencias dado.
- c) A reverberación que produce unha sala comparando distintos materiais.
- d) As repostas do aparello fonador humano a distintas frecuencias, pero con igual nivel de SPL.

31.- A sensibilidade máxima do oído humano adoita situarse aproximadamente entre:

- a) 20 e 20.000 Hz.
- b) 500 e 1.000 Hz.
- c) 2 e 5 kHz.
- d) 10 e 15 kHz.

32.- Un sinal de audio dixital que alcanza 0 dBFS:

- a) Aínda dispón de marxe dinámica.
- b) Está ao nivel máximo representable dixitalmente.
- c) Equivale a +4 dBu.
- d) Corresponde a -23 LUFS.

33.- Que é o *dither* en audio dixital?

- a) Un proceso de compresión sen perda baseado en patróns psicoacústicos.
- b) Un ruído controlado engadido para reducir os efectos dos erros de cuantificación.
- c) Un sinal de reloxo empregado para sincronizar dispositivos dixitais.
- d) Un proceso de compresión dinámica que reduce o rango dinámico nunha gravación.

34.- Que se entende polo modo propio dunha sala?

- a) As frecuencias que entran en resonancia nunha sala debido ás súas dimensións e xeometría.
- b) O son característico dunha sala debido aos seus materiais.
- c) O tempo de reverberación dunha sala vacía de mobiliario.
- d) A reflexión máxima que producen as paredes dunha sala que non está acondicionada acústicamente.

35.- Que se entende por tempo de reverberación?

- a) O tempo que tarda unha onda sonora en chegar desde a fonte ao suxeito que a escoita.
- b) O retardo no audio que se produce entre as paredes dunha sala.
- c) O tempo necesario para que o son diminúa 60 dB desde que cesa a fonte sonora.
- d) A diferenza de presión no aire que produce unha fonte sonora.

36.- Que fenómeno acústico é moito máis habitual en recintos pechados que en espazos abertos?

- a) Difracción.
- b) Reverberación.
- c) Propagación do son.
- d) Atenuación por distancia.

37.- Cal é o obxectivo principal da regra 3:1 en técnicas de microfonía múltiple?

- a) Incrementar a sensibilidade dos micrófonos.
- b) Reducir problemas de fase e filtrado en peite entre sinais captados por distintos micrófonos.
- c) Mellorar a resposta en graves da mestura total.
- d) Aumentar a sensación espacial da mestura, sobre todo en espazos pechados.

38.- Cal é unha vantaxe característica da técnica AB fronte á técnica XY?

- a) Menor relación sinal/ruído.
- b) Maior compatibilidade mono.
- c) Imaxe estéreo máis ampla e natural.
- d) Ausencia total de problemas de fase.

39.- Nunha gravación con técnica XY:

- a) As cápsulas dos micrófonos deben estar coincidentes.
- b) Utilízanse tres micrófonos dispostos nas esquinas dun triángulo equilátero.
- c) A saída dos micrófonos débese atenuar para evitar as diferenzas de fase.
- d) Xérase un sinal monofónico de alto rango dinámico.

40.- Por que adoitan utilizarse sistemas *line array* en grandes recintos abertos?

- a) Porque xeran reverberación adicional.
- b) Porque permiten controlar mellor a cobertura e a dispersión sonora.
- c) Porque eliminan o ruído do vento.
- d) Porque substitúen os amplificadores.

41.- Cal das seguintes técnicas require un micrófono cardioide e outro con patrón polar en oito?

- a) XY
- b) ORTF
- c) Mid-Side
- d) AB

42.- O formato BWF é:

- a) Un formato de compresión con perdas.
- b) Unha extensión profesional do formato WAV con metadatos.
- c) Un protocolo de transmisión.
- d) Un estándar Dolby.

43.- Que é o formato .MXF?

- a) Un códec de compresión de audio sen perda.
- b) Un contedor profesional para intercambio de contidos audiovisuais.
- c) Un protocolo de transporte IP.
- d) Un formato exclusivo de audio.

44.- Cal é a función principal dunha tarxeta DSP?

- a) Almacenar arquivos de audio en calidade profesional.
- b) Procesar sinais de audio dixital en tempo real.
- c) Alimentar micrófonos de condensador.
- d) Converter sinais analóxicos en dixitais.

45.- Nos sistemas de gravación magnética baseados en cinta, como se denomina a orientación do entreferro do cabezal con respecto á cinta?

- a) Bias.
- b) Capstan.
- c) Azimut.
- d) Track grade.

46.- Cal das seguintes afirmacións con respecto ao minidisk é falsa?

- a) É un sistema magneto-óptico.
- b) Permite a edición dos cortes no mesmo dispositivo.
- c) Utiliza compresión Mpeg.
- d) Foi deseñado por Sony.

47.- Ata cantas canles pode transportar o Dolby e?

- a) 32 canles con compresión.
- b) 16 canles sen perda.
- c) 8 canles con metadatos.
- d) 4 canles PCM.

48.- Nun ecualizador paramétrico, o parámetro Q define:

- a) A relación sinal/ruído do filtro.
- b) O largo de banda respecto á frecuencia central.
- c) A pendente de atenuación por oitava.
- d) O factor de ataque do sinal.

49.- Cal destes usos NON é apropiado para un filtro notch?

- a) Eliminar o zumbido de rede de 50Hz.
- b) Potenciar as frecuencias da voz humana.
- c) Reducir as frecuencias de acople en sonorizacións en directo.
- d) Eliminar as frecuencias modais dunha sala.

50.- Cal é a principal característica dunha mesa inline que a diferencia dunha mesa split?

- a) Utiliza exclusivamente procesamento dixital.
- b) Integra monitorización e gravación dentro da mesma canle.
- c) Carece de buses auxiliares.
- d) Non permite mestura estéreo.

51.- Nun compresor, o parámetro threshold define:

- a) A relación de compresión.
- b) O tempo de ataque.
- c) O nivel a partir do cal actúa a compresión.
- d) O largo de banda do filtro.

52.- Que tipo de filtro atenúa as frecuencias graves?

- a) Paso alto.
- b) Paso baixo.
- c) Notch.
- d) Shelving alto.

53.- Por que se xeran mesturas DME en producións internacionais?

- a) Para facilitar a dobraxe a outros idiomas.
- b) Para reducir o tamaño do arquivo.
- c) Para mellorar a calidade do vídeo.
- d) Para sincronizar subtítulos.

54.- A que nos referimos co termo Lip Sync?

- a) Sincronización entre voz e imaxe.
- b) Sincronización entre dúas cámaras.
- c) Sincronización de Word Clock.
- d) Sincronización de vídeo SDI.

55.- En posproducción sonora, o foley consiste en:

- a) Restaurar ruído de fondo.
- b) Crear efectos sonoros sincronizados coa acción visual.
- c) Corrixir problemas de sincronía labial.
- d) Remesturar as pistas para adaptalas a distintos medios (cine, televisión, streaming...).

56.- Nunha mestura surround 5.1, a canle LFE está destinada principalmente a:

- a) Diálogos centrais.
- b) Ambientes traseiros.
- c) Frecuencias graves.
- d) Efectos sonoros laterais.

57.- Que tipo de altofalante está deseñado especificamente para reproducir baixas frecuencias?

- a) Tweeter.
- b) Driver de compresión.
- c) Woofer.
- d) Ribbon.

58.- Que unidade mide a sonoridade percibida na norma EBU R128?

- a) dBV
- b) RMS
- c) LUFS
- d) Ohmios

59.- Que dispositivo se utiliza para dividir frecuencias entre distintos altosfalantes?

- a) Limitador.
- b) Crossover.
- c) Multiplex.
- d) Compresor multibanda.

60.- A sensibilidade dun altosfalante adoita expresarse como:

- a) dB SPL medidos a 1 m para 1 W de potencia.
- b) Presión sonora conseguida para a mínima entrada de sinal ao altosfalante.
- c) LUFS medidos a 1 m cun sinal de 1 KHz e 1 W de potencia.
- d) dBFS máximos entregados polo altosfalante.

61.- Que ocorrería se conectamos dous altosfalantes coas fases cambiadas e aplicamos a ambos un sinal monofónico?

- a) Poñemos en perigo o cono do altosfalante que está en contrafase.
- b) Lixeiras variacións na posición de escoita producirán grandes variacións na localización da fonte sonora.
- c) Producirase un sobrequecemento do amplificador por estar en contrafase os sinais de saída.
- d) Os altosfalantes non soarían.

62.- A intelixibilidade da palabra nunha sala diminúe especialmente cando existe:

- a) Tempo de reverberación excesivo.
- b) Demasiada absorción en agudos.
- c) Nivel SPL elevado.
- d) Headroom amplo.

63.- Que transdutor converte a enerxía eléctrica en enerxía acústica?

- a) Micrófono.
- b) Amplificador.
- c) Altófono.
- d) Compresor.

64.- Que vantaxe ofrece a medición LUFS fronte a medicións unicamente de pico?

- a) Mide potencia de amplificación.
- b) Permite avaliar a calidade do sinal ao separala do ruído.
- c) Permite controlar a saturación dixital.
- d) Avalía a sonoridade percibida.

65.- En acústica de salas, un difusor acústico ten como obxectivo:

- a) Absorber totalmente a enerxía sonora.
- b) Dispersar reflexións acústicas.
- c) Incrementar graves artificialmente.
- d) Evitar que o son se propague polas paredes cara a outras estancias onde poida resultar molesto.

66.- En condicións de campo libre, ao duplicar a distancia respecto a unha fonte sonora puntual, o nivel de presión sonora diminúe aproximadamente:

- a) 3 dB
- b) 6 dB
- c) 10 dB
- d) 12 dB

67.- Cal é o conector máis utilizado para sinais de audio balanceados en contornas profesionais?

- a) RCA
- b) Jack TS
- c) XLR
- d) BNC

68.- Cal é a principal vantaxe dunha liña balanceada?

- a) Maior potencia.
- b) Menor susceptibilidade ao ruído electromagnético.
- c) Maior frecuencia de mostraxe.
- d) Menor latencia.

69.- O conector Speakon utilízase principalmente para:

- a) Sinais dixitais AES/EBU.
- b) Conexións de altosfalantes.
- c) Sincronía Word Clock.
- d) Micrófonos inalámbricos.

70.- Se dous dispositivos dixitais non están sincronizados correctamente, pode aparecer:

- a) Reverberación excesiva.
- b) Clicks e erros dixitais.
- c) Erros por cancelación de fase.
- d) Desincronización entre o audio e o vídeo.

71.- En microfonía inalámbrica profesional, un sistema *diversity* caracterízase por:

- a) Utilizar dúas antenas e/ou dous circuítos receptores para seleccionar o sinal RF de mellor calidade.
- b) Transmitir simultaneamente o mesmo sinal de audio en dúas bandas de oitava diferentes.
- c) Empregar dous micrófonos redundantes conectados ao mesmo transmisor.
- d) Repartir automaticamente o sinal de audio entre varios receptores de monitorización.

72.- Tras o dividendo dixital, moitas frecuencias utilizadas historicamente por microfonía inalámbrica profesional foron reasignadas principalmente a:

- a) Radio FM.
- b) Telefonía móbil 4G/5G.
- c) GPS.
- d) Bluetooth.

73.- Nun documental, a función principal da narración en off é:

- a) Crear sensación de inmersión.
- b) Guiar a comprensión do contido.
- c) Substituír un son ambiente defectuoso.
- d) Aumentar o realismo sonoro.

74.- Nunha retransmisión, o termo N-1 fai referencia a:

- a) O número de elementos de monitorización.
- b) Unha mestura onde se exclúe o propio sinal do interlocutor.
- c) O sinal internacional que exclúe a locución dos comentaristas.
- d) A banda de frecuencias utilizada na microfonía inalámbrica.

75.-En retransmisións deportivas, os comentaristas adoitan utilizar:

- a) Micrófonos de canón.
- b) Micrófonos dinámicos de baixa sensibilidade.
- c) Micrófonos de condensador de diafragma grande.
- d) Captadores piezoeléctricos.

76.- Un sistema 5.1 estándar está composto por:

- a) 5 altosfalantes de rango completo e 1 canle LFE.
- b) 4 altosfalantes e 2 subwoofers.
- c) 6 altosfalantes idénticos de resposta plana.
- d) 2 canles mono e 4 surround.

77.- Dolby e utilízase principalmente para:

- a) Amplificación de sinal RF.
- b) Transporte e distribución profesional multicanal broadcast.
- c) Ecualización dinámica en contornos Dolby.
- d) Gravación de sinais 5.1.

78.- Que protocolo foi desenvolvido para facilitar a interoperabilidade entre distintos fabricantes en audio sobre IP?

- a) MIDI
- b) SDI
- c) ADAT
- d) AES67

79.- Que interface óptica é habitual en estudos de gravación para transportar varias canles dixitais a curta distancia?

- a) ADAT
- b) AES67
- c) LTC
- d) VITC

80.- SDI en broadcast transporta principalmente:

- a) Audio analóxico exclusivamente.
- b) Vídeo dixital e audio embebido.
- c) Sinais RF UHF.
- d) Sincronía MIDI.

PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144)

R1.- Segundo o artigo 97 do Convenio Colectivo da CSAG, a empresa contará cun servizo de prevención propio coas especialidades, como mínimo de:

- a) Medicina do traballo e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- b) Hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- c) Seguridade e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- d) Seguridade e ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo da contratación allea.

R2.- A principal diferenza entre LTC e VITC é:

- a) LTC é un sinal de audio e VITC está integrada no vídeo.
- b) LTC non se pode transmitir de forma inalámbrica mentres que o VITC si.
- c) VITC só funciona en analóxico.
- d) LTC transporta audio 5.1 mentres que o VITC só soporta estéreo.

R3.- Nun conector XLR de 3 pins estándar, o pin 1 utilízase normalmente para:

- a) Sinal positivo (+).
- b) Sinal negativo (-).
- c) Masa ou terra.
- d) Alimentación phantom.

R4.- Na sonorización dun gran espazo aberto instaláronse torres de reforzo a distintas distancias do escenario. Como se deben configurar para garantir unha correcta percepción sonora?

- a) Deben configurarse con retardos temporais axustados á distancia respecto ó sistema principal.
- b) Deben emitir sempre antes que o sistema principal para non quedar enmascaradas pola PA principal.
- c) Deben traballar con maior nivel SPL que o arrai principal.
- d) Deben configurarse sen retardo para evitar cancelacións de fase entre as distintas torres.